

Abracadabra Nº 39

MAR OU MONTAÑA?

PASATEMPOS:
CHISTES, TRABALINGUAS, SOPA DE LETRAS...

GALERÍA DE FOTOS

LECTURAS REFRESCANTES

QUE HAI DE NOVO ...?



Deputación
DA CORUÑA

BIBLIOTECA INFANTIL E XUVENIL

MAR ou MONTAÑA?



Paparapaaaaparapaaaaparapapapapaaa...



Ahhhhh!!!! Ola!!!! Por fin!!!! Estaba agardándovos... Que por que? Pois... vale... cando volo conte igual vos dá a risa... pero se vos parades a pensar seguro que non rides tanto... Que si, que xa vou ao gran. En fin, que agora que chegan as vacacións aos meus pais déuselles por preguntarnos, ao meu irmán e a min, a típica pregunta: mar ou montaña?

Pois iso. Que de boas a primeiras parece unha bobada, pero se tes que escoller xa custa un pouco máis... e se o teu irmán escolle o contrario xa está a lea montada... vacacións en perigo!!!!

Vós que escolleríades? Non é tan doado, verdade? Eu, nestes casos, adoito facer a típica listaxe de proles e contras (por seguir con cousas típicas... ha, ha, ha)

Así que, agora que estamos todos, poñámonos ao choio coa listaxe, que moitas cabezas pensan máis que unha e non quero deixar nada. Vou facer unha táboa. Mentres ide dicindo cousas e xa as vou apuntando.

MAR		MONTAÑA	
Proles	Contras	Proles	Contras
xogar no mar (nadar, saltar as ondas, facer o piñeiro,...)	crema solar ata as orellas	aire puro	mosquitos
xogar coa area (facer castelos, piscina de area, enterrar ao teu irmán,...)	comer areas se fai vento	sendeirismo	mochila cargadísima
deportes acuáticos (paddel surf, bodysurf, vela,...)	que o teu irmán che tira un caldeiro de auga fría por riba	desfrutar da natureza	montar e desmontar a tenda
xogar ás palas, voleibol, fútbol,...	buscar as toallas cando saes da auga	xogar a orientarse	comida?
todo o día en traxe de baño		ver as constelacións pola noite	
paseo en lancha inchable		bañarse nun río ou lago	
facer a croqueta polas dunas		deportes de montaña (BTT, escalada,...)	
encherte a xeados		seguir pegadas de animais	

Uffffff... a cousa está complicadiña... Gústame todo!!! Vexamos se hai algún estudo científico que nos saque do apuro...

Efectivamente, un estudo da Universidade de Michigan realizado en Wellington, (Nova Zelandia) demostra que na praia descansamos máis, xa que os lugares onde hai grandes espazos azuis e un volume importante de auga, reducen os niveis de tensión e de angustia psicolóxica. E digo eu, un lago non produciría o mesmo efecto?

Ahhhh!!!! esperade un momento... tamén existe un estudo realizado pola Universidade de Harvard que parece deducir que todos os espazos naturais relaxan de modo similar.

Total, que seguimos nas mesmas... A verdade é que sería xenial non ter que escoller e poder ir aos dous destinos... Aínda que supoño que é difícil atopar lugares que combinen ambos ambientes...

Difícil pode... imposible xamais!!!! Como non o pensei antes? Ademais, se tedes a sorte, coma min, de vivir en Galicia, podedes facilmente combinar mar e montaña e... podendo gozar de todo, por que conformarse só cunha cousa? E iso é o que lles vou dicir aos meus pais. Desexádeme sorte!!!!

Cóntovos á volta de vacacións. Feliz verán a todos e todas!!!!

PASATEMPOS

SOPA DE LETRAS

Nesta sopa de letras están agochadas 6 cousas que podes atopar na praia e outras 6 na montaña.

V C O N C H A O N E
A U S L A G O L E B
Ñ B U X S U W U L A
A O D A P A B O O R
T S R X L B S N F R
N A Z L U A C L A A
O I A O R A O A T N
M O U A I R L E S C
T U P A O O E R M O
A H E R O B R A G I

CHISTES

E para que escachedes coa risa aquí van os chistes que nos fostes deixando ao longo destes meses.

- Mamá, ¿tenemos gelatina?
- No. Tenemos "i" latina e "y" griega.
"G" sólo tenemos una.

- Papá, papá. ¿Me dejas el coche?
- No sin mi supervisión.
- Perdona por no tener superpoderes como tú...

Un chico se encuentra con una lámpara mágica y al frotarla sale un genio que le dice:

- Te concedo tres deseos.

El chico después de pensarlo dice: - Quiero tres ñus.

- ¿Tres ñus? _ repite el genio extrañado.

- Sí, tres ñus.

- Concedido (dice el genio) - Te quedan dos.

- El chico asustado dice: - ¿Cómo dos? ¿ya me mataste uno?

E para que non se vos trabe a lingua aquí vai un **TRABALINGUAS**

Pepe Pecas pica papas cun pico;
cun pico pica papas Pepe Pecas.
Se Pepe Pecas pica papas cun pico,
onde está o pico co que Pepe Pecas
pica papas?

Pero, aínda hai máis... Que vos parece unha de colmos?

CAL É O COLMO...

...dun construtor?

Chamarse Armando Casas

...dunha pantasma?

Chegar tarde á cita por pegárselle as sabas

... dun astronauta?

Estar sempre na lúa.

CAL É O MAR MÁIS...

...forte?

O mar- telo.

...duro?

O már- more.

... vomitivo?

O mar- eo

Solucións

A R B O E R O P L
O R O P L
C E R A I O M
N A O R A O
A L A L N
R F S L T
R O A P O A
A L B N
B O G L A U A
H C H A C O N C

GALERÍA DE FOTOS



LECTURAS REFRESCANTES

Para ler no verán... na praia ou na montaña.



Deseño:MaizCreativos

De 7 a 9 anos

- La princesa de negro / Shannon Hale & Dean Hale.
- Piratas del mar helado / Frida Nilsson.
- Policán / Dav Pilkey.
- Mi primer Principito / la gran obra de Antoine de Saint-Exupéry ; adaptada por Gabriela Keselman.
- El Caso del loro secuestrado / Luna Llena.
- El Taller de las emociones / Elsa Punset.
- As viaxes de Ruki / Ramón Caride.
- ¿Verdadero o falso? / Andrea Mills.
- ¿Quién dijo miedo? / Begoña Oro.

De 9 a 12 anos

- Apestoso Tío Muffin / Pedro Mañas.
- Billy y los Mimpins / Roal Dahl.
- Mortadelo y Filemón. Mundial 2018/ F. Ibañez.
- Choiva de ras/ Ánxela Lourido.
- Isadora Moon va al parque de atracciones / Harriet Muncaster.
- Dos detectives y medio (Perrock Holmes ; 1) / Isaac Palmioli.
- Los mellizos detectives. Robo en Nueva York / David Pedrera.

De 12 a 15 anos

- Palabra de ratón / James Patterson y Chris Grabenstein.
- Super Sorda / Cece Bell.
- A Noite das bicicletas / Teresa González Costa.
- Un Amigo excepcional / David Walliams.
- La Prueba de hierro / Holly Black, Cassandra Clare.
- El Secreto de If / Ana Alonso, Javier Pelegrín.
- Cuentos de buenas noches para niñas rebeldes /
 - Elena Favilli y Francesca Cavallo.
- Prohibido leer a Lewis Carroll / Diego Arboleda.

De 15 a 18 anos

- El Bestiario de Axlin / Laura Gallego.
- Inventos infernales / Philip Reeve.
- El Tiempo de los magos / Cressida Cowell.
- La Puerta de los tres cerrojos / Sonia Fernández-Vidal.
- La Lección de August (Wonder ; 1)/ R.J. Palacio.
- El Aprendiz (La Leyenda del hechicero; 1) / Taran Matha.

QUE HAI DE NOVO...?

* **ACTIVIDADES.** "Obradoiros de pintura" dunha semana de duración, **durante todo o mes de xullo**. Infórmate na biblioteca ou chamando ao **981 080 171**

* **CONCURSO DE VERÁN.** #BdcoMeuLibroeoMeuParasol. BUSCANDO ESCENARIOS DE LECTURA. Déixanos unha foto co teu lugar favorito da provincia para gozar dunha boa lectura.

* **BONOLIBRO.** Parabéns a todos os que o conseguistes, agora podedes gozar de todas as súas vantaxes: ter un préstamo adicional de materiais da biblioteca e preferencia á hora de anotarse nas actividades.

* Lembrámosvos que tamén estamos na rede:

WEB: <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>

Blog: <http://bibliotecadacoruna.blogspot.com>

Fotos: www.flickr.com/photos/bibliotecadacoruna



Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña

Sección Infantil e Xuvenil

R/Riego de Agua, 37 - 15001 A Coruña. Tfno: 981 080 171

Depósito Legal: C 4802-2008